



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

*Fixación de contías a percibir en concepto de asistencias a órganos Colexiados*

##### ANUNCIO

De conformidade co establecido no artigo 22.3 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 23 de decembro de 2021, respecto da fixación das contías a percibir polos membros da Corporación en concepto de asistencias e indemnizacións, acordo que se transcribe a continuación:

“Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos Colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

- Plenos: 200 €
- Comisións Informativas: 150 €
- Xunta de Voceiros: 100 €
- Xunta de Goberno Local ordinaria: 290 €
- Xunta de Goberno Local extraordinaria: 0 €

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Cambre, 14 de febreiro de 2022

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2022/768